



CONCELLO DE MUROS

ÁREA DE URBANISMO

Curro da Praza, 1 – 15250 MUROS

MEMORIA TÉCNICA

Proxecto: Mellora e acondicionamento do Punto Limpo de Muros

Situación: Lugar As Lombas do Pedreiro, s/n, 15290, Muros, A Coruña

Referencia catastral: 15054A033009870000IB

Promotor: Concello de Muros

Autor: José Antonio Abeijón Muñiz, arquitecto técnico municipal

Lugar e da data: En Muros a 27 de agosto 2026

MEMORIA TÉCNICA E CONSTRUTIVA

Proxecto: Obras de mellora e acondicionamento das instalacións do Punto Limpo Municipal

Promotor: Concello de Muros

Situación: Lugar As Lombas do Pedreiro, s/n, 15290, Muros, A Coruña

Referencia catastral: 15054A033009870000IB

1. Obxecto da memoria

A presente memoria ten por obxecto definir técnica e construtivamente as actuacións necesarias para a mellora, acondicionamento e modernización das instalacións do Punto Limpo Municipal, destinadas á recepción, separación selectiva e almacenamento temporal de residuos urbanos de características especiais, previo ao seu traslado a xestor autorizado.

As actuacións proxectadas pretenden incrementar a funcionalidade das instalacións, mellorar as condicións de seguridade, salubridade e accesibilidade do persoal e dos usuarios, así como optimizar a xestión ambiental dos residuos de competencia municipal.

2. Antecedentes e situación actual

O Punto Limpo presta servizo á cidadanía para o depósito selectivo de residuos domésticos especiais, entre os que destacan os residuos voluminosos, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), téxtiles, aceites de cociña usados, pilas e acumuladores e outros residuos domésticos perigosos.

Na actualidade as instalacións teñen deficiencias de conservación que repercuten na prestación do servizo e afectan ás condicións de traballo do persoal.

Hai problemas de filtracións na cuberta da caseta de recepción, carpinterías exteriores deterioradas, ausencia de falso teito e deficiencias de acondicionamento interior. A caseta de residuos perigosos carece dunha axeitada protección contra a choiva para evitar derramamentos. Hai deficiencias no valado de protección fronte a furtos, no portal de acceso ó recinto, arquetas sen tapas,

3. Obxectivos das actuacións

Planéase a mellora das condicións de accesibilidade, seguridade, saúde, salubridade, capacidade e funcionalidade das instalacións para promover, favorecer a ampliar a prestación do servizo público e aumentar a eficiencia na xestión dos residuos de competencia municipal.

Tamén se prevé a obtención de beneficios ambientais e sanitarios mediante a optimización da recollida selectiva de residuos domésticos especiais (voluminosos, RAEE, téxtiles, aceites de cociña usados, domésticos perigosos, etc.), a adecuada clasificación e rastrexabilidade dos mesmos, o incremento das taxas de reciclaxe e a redución dos vertidos incontrolados.

Estas obras complementaranse con outras actuacións de mellora, non incluídas nesta memoria, consistentes, entre outras, na dotación dunha báscula, contedores e gaiolas para os diferentes residuos, etc.

Obxectivos específicos

eliminar as filtracións da caseta de control, renovar a porta e as xanelas para mellorar a seguridade; adecuar o interior cun falso teito, pintura e acondicionamento funcional; protexer os residuos perigosos da choiva mediante un novo peche metálico superior; instalación de tapas de arqueta; mellorar a impermeabilización e a recollida de posibles vertidos.

4. Descrición das obras

4.1 Caseta de recepción, información e control

- Limpeza de sumidoiros e canlóns da cuberta.
- Reparación puntual das zonas con filtracións mediante morteiro estrutural de reparación.
- Aplicación dunha membrana impermeabilizante continua sobre a cuberta.
- Demolición do falso teito existente.
- Execución dun novo falso teito de placas de xeso laminado.
- Pintado completo dos paramentos interiores.
- Colocación dunha nova porta metálica de seguridade.
- Substitución das dúas xanelas con reixa de protección.
- Reparación da albardilla e dos remates de carpintería.
- Acondicionamento interior da oficina e colocación das pezas sanitarias necesarias.

4.2 Caseta de residuos perigosos

- Substitución do peche superior por chapa metálica galvanizada.
- Reparación do cerramento perimetral.
- Limpeza integral do pavimento.
- Saneado da arqueta cega.
- Colocación dunha tapa plástica de seguridade.
- Instalación dunha reixa tipo Trámex sobre o pozo de recollida.

4.3 Adecuación exterior

- Desbroce do perímetro.
- Limpeza e desatasco das arquetas de drenaxe.
- Reparación do portalón de acceso.
- Colocación de tapas antiescorregadizas nos rexistros.

5. Memoria urbanística

A normativa municipal de aplicación é o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Muros (PXOM) con data de aprobación definitiva o 10/12/2010, con anuncio e normativa publicados no DOG e no BOP do 24/12/2010.

Tamén é de aplicación a Lei 2/2016 do Solo de Galicia -LSG- e o Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do solo de Galicia -RLSG-.

Segundo o plano 2.24 de ordenación urbanística do PXOM a actuación está situada no ámbito da Ordenanza 16 de solo rústico de especial protección de interese paisaxístico-forestal.

A Lei 2/2016 do Solo de Galicia establece, na disposición transitoria primeira, que o planeamento adaptado á Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia conservará a súa vixencia ata a súa revisión, conforme ás seguintes regras: “Ó solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico”.

Por elo, para calquera actuación no solo rústico, deberá terse en conta o establecido nos artigos 31 ó 40 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, nos que se regula o réxime, condicións de uso, condicións de edificación, procedemento para autorizacións,...

De acordo co artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, a actuación require a obtención, con carácter previo, da autorización ou informe favorable do organismo sectorial competente na protección da paisaxe e do monte (Instituto de Estudos do Territorio e Consellería de Medio Rural). Non obstante, o artigo 51.2 do Decreto 143/2016 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia establece que **non será preceptiva a emisión da autorización ou informe favorable a que se refire este apartado no caso de obras menores definidas no anexo I deste regulamento**. O anexo I define as Obras menores como aquelas obras de técnica simple e escasa entidade construtiva e económica, que non supoñan alteración do volume, do uso, das instalacións..., nin afecten o deseño exterior, á cimentación, á estrutura ou ás condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalacións de toda clase.

A criterio do técnico que subscribe as actuacións planeadas son obras menores sinxelas e de escasa entidade construtiva e económica, polo que non sería necesaria a autorización sectorial indicada no artigo 36 da LSG.

A obra prevista é compatible co planeamento e coa normativa urbanística vixente.

AFECCIÓNS SECTORIAIS: De acordo co visor do Plan Básico Autonómico de Galicia, a obra non ten afeccións sectoriais.

6. Orzamento de execución material

O presente documento comprende exclusivamente os Capítulos 1, 2 e 3 do orzamento achegado.

Capítulo	Importe
Cap. 01 Construción e adecuación	15.877,96 €
Cap. 02 Cubertas zona almacenamento	1.250,00 €
Cap. 03 Impermeabilización e derramamentos	1.422,76 €
TOTAL Orzamento de Execución Material	18.550,72 €
Gastos xerais e Beneficio industrial 13%+6 %	3.524,64 €
Suma	22.075,36 €
IVE 21%	4.635,82 €
TOTAL ORZAMENTO DE CONTRATA	26.711,18 €

7. Estudo de Xestión de Residuos da Construción

7.1 Obxecto

O presente estudo redactase conforme ao Real Decreto 105/2008, regulador da produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

As actuacións previstas xeran unha cantidade reducida de residuos, procedentes principalmente da substitución de carpinterías, falso teito, restos de morteiros e materiais metálicos.

7.2 Residuos previstos

Código LER Residuo

17 02 02 Vidro

17 02 03 Plásticos

17 04 05 Ferro e aceiro

17 08 02 Materiais de xeso

17 09 04 Residuos mesturados de obra

Os residuos segregaranse na propia obra e depositaranse en colectores diferenciados para o seu transporte a xestor autorizado.

7.3 Medidas de xestión

- Separación en orixe.
- Almacenamento temporal en zona delimitada.
- Protección fronte á dispersión polo vento.
- Transporte mediante xestor autorizado.
- Entrega con documentación acreditativa.

Valoración económica

Non se establece partida independente.

Os custos derivados da recollida, segregación, carga, transporte e entrega dos residuos a xestor autorizado considéranse incluídos nos prezos das distintas unidades de obra do orzamento.

8. Estudo Básico de Seguridade e Saúde

8.1 Obxecto

O presente estudo básico redactase de acordo co Real Decreto 1627/1997, establecendo as medidas preventivas para a execución das obras.

8.2 Principais riscos

- Caídas ao mesmo e distinto nivel.
- Traballos en cuberta.
- Manipulación manual de cargas.

- Cortes por ferramentas.
- Proxección de partículas.
- Contacto con materiais deteriorados.
- Circulación de vehículos e colectores no Punto Limpo.

8.3 Medidas preventivas

Protección colectiva

- Balizamento da zona de obras.
- Sinalización provisional.
- Estabilidade dos andamios homologados.
- Protección dos ocos e arquetas abertas.

Equipos de protección individual

- Casco.
- Calzado de seguridade S3.
- Luvas anticorte.
- Gafas de protección.
- Roupa de alta visibilidade.
- Arnés anticaídas para traballos en cuberta.

8.4 Organización da obra

- Acceso restrinxido ás zonas en execución.
- Mantemento da limpeza diaria.
- Xestión inmediata dos residuos xerados.
- Coordinación das actividades coa explotación habitual do Punto Limpo.

Valoración económica


Non existe capítulo específico de seguridade e saúde.

Todos os custos correspondentes ás medidas preventivas, protección colectiva, EPIs, sinalización, balizamento, medios auxiliares e cumprimento da normativa de seguridade e saúde considéranse repercutidos nos prezos unitarios das distintas partidas do orzamento.


ANEXOS:

Achéganse planos de situación e orzamento desagregado.

Plano de situación do PXOM



Plano do Catastro



Visor do PBA




Foto catastral



CAP.	UD.	DESCRIPCIÓN	L	A	H	CANT.	€/UD	TOTAL
CAP.01		CONSTRUCCIÓN INCLUIDA ADECUACIÓN DO TERREO						
01.01	m	LIMPIEZA DE SUMIDROS Y CANALONES EN CUBIERTA PLANA						
		Limpieza de sumideros y canalones en cubierta plana con medios manuales, eliminando la suciedad y restos que puedan dificultar o obstruir la evacuación de aguas, i/ comprobación de su correcto funcionamiento.	5,18	2				
						10,36	58,75	608,65 €
01.02	m2	DESBROCE DE ARBUSTOS Y HIERBAS						
		Desbroce de arbustos y hierbas en el perímetro del Punto limpio, con desbrozadora. Recogida de la broza generada y carga sobre contenedor. Protección y señalización de espacios afectados. La zona tratada quedará limpia de plantas, hierbas y broza.	47					
						47,00	8,78	412,66 €
01.03	m2	APLICACIÓN DE MORTERO BASE DE REPARACIÓN						
		Reparación de zonas puntuales de cubierta, donde se producen filtraciones, mediante mortero cementoso, monocomponente, de color gris, constituido por aglomerantes cementosos especiales, áridos seleccionados, resinas sintéticas y aditivos especiales. Aplicado mediante llana o paleta. De alta adherencia sobre el soporte. De endurecimiento rápido, sin retracción y sin formación de grietas. Importante que el soporte esté libre de polvo o partes friables. Mortero tipo Planitop Fast 330, o similar. Calculada p.p. pendiente de verificación una vez se analice el estado de la cubierta, con los medios de seguridad adecuados.	12					
						12,0	150,00	1.800,00
01.04		LAMINA IMPERMEABILIZANTE						
		Aplicación de membrana tipo Aquaflex Roof de Mapei, o similar. Membrana para la impermeabilización continua por el exterior. Pasta monocomponente de color, para aplicación en exterior. A base de resinas sintéticas en dispersión acuosa, que una vez seca, da lugar a una membrana continua adherida, impermeable y protectora.	12					
						12,00	128,75	1.545,00
01.05	m2	INSTALACIÓN DE FALSO TECHO						
		Falso techo de plancha lisa de PYL, incluso material de fijación, remates, colocación y acabado con yeso blanco.						

			5,18	3,6				
						18,6	36,65	681,69
01.06	m2	RETIRADA DE FALSO TECHO EXISTENTE						
		Retirada de techo existente, formado por plancha lisa de escayola, sustentada mediante perfilera oculta a cubierta. P.p. de retirada y gestión de residuos a vertedero autorizado. Incluido retirada de	5,18	3,6		18,6	28,50	530,10 €
01.07	P.A	ACOND. INTERIOR DE CASETA DE CONTROL E INF.						
		Acondicionado y retirada de materiales dispersos. Substitución de elementos para o desenvolvemento do traballo de recepción.	1			1	1.450,50	1.450,50 €
01.08	m2	PINTURA PLÁSTICA LISA SOBRE PARAMENTOS						
		Pintura plástica blanca lisa sobre paramentos horizontales y verticales de yeso o cemento, formado por lijado y limpieza del soporte, mano de fondo, plastecido, nueva mano de fondo, plastecido, nueva mano de fondo y dos manos de acabado. Reacción al fuego B-s2, d0. Color blanco.						
		Oficina	5,18	3,6				
			2,50	2,35	2			
			3,2	2,35	2			
			1,25	2,34				
						48,37	15,50	749,74 €
01.09	Ud.	RETIRADA DE ALBARDILLA EXISTENTE						
		Retirada de albardilla existente, i p.p. de reciclaje y gestión de residuos.	1			1	250,50	250,50 €
01.10	Ud.	COLOCACIÓN DE ALBARDILLA NUEVA						
		Instalación de albardilla metálica para cubrición de huecos de carpintería, en formación de goterón.	1			1	475,45	475,45 €
01.11	Ud.	SUSTITUCIÓN DE PUERTA DE ENTRADA						

		Sustitución de puerta existente por puerta AL, ciega reforzada, de 1 hoja abatible. Puerta reforzada de al. Exterior. Estructura interna de tablero tubular. Acabado en color blanco, pintura epoxy secada al horno. Cerradura reforzada con paleta maciza, se incluyen llaves. Reforzada para mayor seguridad. Totalmente instalada. Sin incluir ayudas a albañilería, rozas y trabajos necesarios para la correcta instalación. I.p.p de rejilla de seguridad.	1			1	885,00	885,00 €
01.12	M2	RECIBIDO DE CERCO DE PUERTA EN TABIQUE						
		Ayudas a albañilería, recibido de cerco de puerta en tabique, con pasta de yeso y ayudas a albañilería de recebado en cara exterior.	0,82 2,1		0,2 0,2		0,58 345,65	200,48 €
01.13	Ud.	REPARACIÓN DE PORTAL DE ACCESO						
		Reparación o sustitución, en caso de no ser posible la reparación, de portalón de entrada. Constituido por marco metálico para recibir barrotes y listones, recibidos sobre cerca perimetral mediante remachado en los extremos, garras de fijación de igual platina que el marco, i/p.p de pequeño material para recibido a fábrica con mortero de cemento. Totalmente ejecutado.	1				1.525,80	1.525,80 €
01.14	m	LIMPIEZA DE ARQUETA						
		Limpieza de arqueta de saneamiento. Así como desatasco de conductos desde arqueta de pluviales hasta evacuación mediante agua a presión.	11,1			11,10	24,68	273,95 €
01.15	Ud.	COLOCACIÓN DE TAPA DE ARQUETA PLÁSTICA						
		Colocación de tapa para arqueta de medidas 34 x 57 cm. Elemento de cubrición y cierre de de instalación de registro de evacuación. Incluidas ayudas a la albañilería para adaptación del marco de espera.	1			1	445,65	445,65 €
01.16	Ud.	COLOCACIÓN DE TAPAS REGISTRO.PLÁSTICA ANTIDESLIZANTE						
		Instalación de tapa plástica antideslizante para arqueta de registro a medida. Tapa fabricada con material plástico con refuerzo de ángulo de 40x40x4mm soldado en	1					

		su interior para arquetas apto para el tránsito peatonal. Medidas: 995mm x 995mm.						1	541,29	541,29 €	
01.17	UD.	SUSTITUCIÓN DE VENTANAS									
		Retirada y colocación de dos ventanas para garantizar las condiciones de salubridad en la caseta. Ventana fija de aluminio, adaptación del hueco existente Incluida la colocación de premarcos. Incluso patillas de anclaje para la fijación de la carpintería, sellador adhesivo y silicona neutra para sellado perimetral de las juntas exterior e interior, entre la carpintería y la obra. Colocación de reja de seguridad exterior. Incluidas ayudas a la albañilería para recibido y adaptación de hueco.	2					2	1.125,7 5	2.251,50	
01.18	Mes	ANDAMIO PARA TRABAJOS EN ALTURA									
		Alquiler de andamio para realización de trabajos en altura cumpliendo las medidas de seguridad.	1					1	1.250,0 0	1.250,00	
		Total cap. 1. CONSTRUCCIÓN E ADECUACIÓN DO FIRME								15.877,96 €	
CAP.02		CUBERTAS ZONA DE ALMACENAMIENTO									
02.01	P.A	REPOSICIÓN E REPARACIÓN DE CERRAMENTO PERIMETRAL. ALMACÉN RESIDUOS PERIGOSOS									
		Reposición de cerramento perimetral en caseto de peligrosos. Formado por panel metálico anclado a ceramento existente. Considerando un desarrollo del 15 m.	1						1.250, 0	1.250,00	
		Total cap. 2. CUBERTA Z. ALMACENAMIENTO								1.250,00 €	
CAP.03		IMPERMEABILIZACIÓN E RECOLLIDA DE DERRAMAMENTOS. Z. ALMACENAMIENTO									
03.01	m2	LIMPEZA DE PAVIMENTO EXISTENTE EN CASETO PELIGROSOS									
		Limpeza de pavimento existente. Eliminación de manchas, sales, eflorescencias salinas, microorganismos, manchas de aceite, etc. Mediante vertido sobre a superficie dunha disolución acuosa, cepillado e aclarado a presión.	7,60	3,68					27,97	24,75	692,26 €
03.02	P.A	LIMPEZA DE ARQUETA CEGA									
		Limpeza e saneado de arqueta cega en almacén de residuos perigosos.	1						1.00	285.00	285.00

03.03	P.A	TAPA REJILLA TRÁMEX POZO C.PELIGROSOS							
		Instalación de rejilla galvanizada pletina-pletina, ambas de 3mm, para mayor resistencia, separadas entre ellas a una distancia determinada y unidas entre sí por otra pletina de la misma medida, formando cuadrícula de 100x100mm. Pletina de medidas: 60x60cm. Totalmente instalado	1				1	445,50	445,50
		Total cap. 3. IMP. E RECOLLIDA DE DERRAMAMENTO							1.422,76 €